



NARÓN

CONCELLO DE NARÓN

Datos Do Expediente:

| | | |
|-------------------------------------|------------|--|
| XUNTA DE GOBERNO LOCAL | | |
| Unidade Tramitadora: | | |
| Organos de Goberno e Central - MCCM | | |
| Número expediente: | Documento: | |
| GOB/2024/44 | GOB18I00MW | |
| 0G4Z 6M4G 2516 4L3M 022P | | |
| | | |

ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA SEIS DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E CATRO

SRES/AS ASISTENTES:

SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:

D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ

SRES/AS CONCELLEIROS/AS:

PRESIDENTE - FERREIRO DIAZ,
MARIANTERRA GALEGA VOCAL - RAMOS
RODRIGUEZ, MANUEL ANTONIO
TERRA GALEGA VOCAL - ROMERO FRANCO,
ROMAN
TERRA GALEGA VOCAL - GOMEZ CASAL,
M.DEL MAR
TERRA GALEGA VOCAL - AMENEIRO LOPEZ,
OLGA
TERRA GALEGA VOCAL - LORENZO TOJEIRO,
MARIA DEL CARMEN
TERRA GALEGA VOCAL - OREONA BRA, JOSE

SRA. INTERVENTORA XERAL:

D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MENDEZ

SR. SECRETARIO XERAL:

D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-
CANTELI

Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do seis de xuño de dous mil vinte e catro, baixo a presidencia da Sra. alcaldesa-Presidenta, D/Dª MARIAN FERREIRO DIAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.

Actúa de secretario D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNANDEZ-CANTELI, o Secretario Xeral.

Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aprobou a acta da sesión anterior.

2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CESE DO CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE NARÓN CO REXISTRO DA PROPIEDAD DE DATA 18-01-2013.

- Vista a proposta formulada que di así : Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 17.01.2013, polo que se aprobou un convenio de colaboración entre este Concello e o Rexistro da Propiedade de Narón a efectos da comunicación prevista no artigo 254.5 da Lei Hipotecaria, que foi asinado o 18.01.2013. Visto o informe do xefe do servizo de Intervención e Facenda de data 04.06.2024 (ING18I03AO), no que se pon de manifesto que as declaracións do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU) non están presentadas nos modelos normalizados, non se achegan por medios telemáticos e non se achega a documentación necesaria para que esta Administración poda practicar as correspondentes liquidacións de IIVTNU.

Vista a nova regulación legal prevista no Real Decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro, polo que se adapta o texto refundido da lei reguladora das facendas locais á xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do IIVTNU.

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Acordar o cese da vixencia do convenio de colaboración entre este Concello e o Rexistro da Propiedade de Narón a efectos da comunicación prevista no artigo 254.5 da Lei Hipotecaria, que foi asinado o 18.01.2013, dende a data da notificación deste acordo.

SEGUNDO.- Notificar o acordo á titular do Rexistro da Propiedade de Narón aos efectos oportunos.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 .- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA ACEPTANDO A SUBVENCIÓN DA CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE DIRIXIDA AS ENTIDADES LOCAIS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSONAS PERCEPTORAS DE RISGA OU EN RISGO DE EXCLUSION SOCIAL NO ANO 2024 .- Dase conta da seguinte Resolución da Alcaldía:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe-proposta de resolución cuxa literalidade se transcribe a continuación:

“ASUNTO: Aceptación de subvención de contratación de persoas perceptoras de RISGA para o ano 2024, concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, (antes Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade).

A Xefa do Servizo Sociocomunitario Municipal Yolanda Martínez García, en relación co expediente relacionado no asunto emite o seguinte informe-proposta:

ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de Alcaldía de data 22/03/2024 (SSO18I0R9), e posterior dación da conta en Xunta de Goberno Local de 27 de marzo de 2024 (GOB18I09R), apróbase a solicitude dunha Subvención por importe de 62.535,78€, á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para a contratación temporal polas entidades locais de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da Risga, ao abeiro da convocatoria publicada no DOG nº 17 de 24 de xaneiro de 2024, orde de 27 de decembro de 2023, co obxecto de desenvolver o Programa municipal de Mantemento e Limpeza do Patrimonio Público de Narón.

Intervención Xeral fiscaliza esta solicitude coas operacións contables RC220240001843, RC220240001863, RCP220249000104, RCP220249000105, RCP22024000106 e RCP 22024000107.

En data 11-05-2024, recíbese a Resolución de concesión de subvención da Dirección Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, por importe de 62.535,78€

Se ben a Xunta de Goberno Local ten delegada a competencia para aceptación das subvencións doutras administracións públicas, o calendario de celebración de sesións deste órgano, e os prazos establecidos para a súa tramitación imposibilitan a súa aprobación na sesión que lle correspondería, sendo preciso acelerar a tramitación do expediente.

Neste senso, a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu artigo 10 establece: “1. Los órganos superiores podrán avocar para si el conocimiento de uno o varios asuntos cuya resolución corresponda ordinariamente ou por delegación os seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica o territorial o fagan conveniente. (...) 2. En todo caso, la avocación se realizará mediante acordo motivado que deberá ser notificado a los interesados en el procedimiento (...).

En aplicación do anterior, corresponde ao Alcalde a avocación da delegación para a aceptación da subvención na Xunta de Goberno Local, debido á urxencia de realizar este trámite, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita aprobación e do acto de avocación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

- Bases de execución do Orzamento municipal en vigor.
- Art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais



CONCELLO DE NARÓN

- RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, Xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, artigos 10.2 e 83.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, artigos 23 e 27.
- Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2024.
- Requerimento de documentación realizado o 18/03/2024 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, co obxecto de correxir os defectos da solicitude de subvención para contratación de persoas receptoras de risga, ao abeiro da orde 27/12/2023.
- Resolución da Dirección Territorial da Coruña de concesión da subvención de data 07/05/2024

Á vista do exposto, quen subscribe, Xefa do servizo Sociocomunitario municipal, propón á Alcaldía que resolva:

Primeiro: Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local para aceptar á subvención da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para a contratación de persoas receptoras de RISGA para o ano 2024.

Segundo : Aceptar da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia, a subvención para a contratación temporal de persoas desempregadas receptoras de Risga para o ano 2024 por importe de 62.535,78€ para desenvolver o Programa municipal de Mantemento e Limpeza do Patrimonio Público de Narón.

Terceiro : Aprobar o seguinte cadro de financiamento para o proxecto antedito, para contratación de 1 capataz e 4 peóns, por un período de 9 meses (dende o 10/06/2024 ao 09/03/2025), de acordo co informe do Servizo de Organización e Recursos Persoais de data 24/05/2024 (PER18102S6).

| CONCEPTO | DURACIÓN XORNADA | APLICACIÓN ORZAMENTARIA | | | IMPORTE (€) | | IMPORTE TOTAL |
|---------------------------------------|---------------------|----------------------------|---------------|------------------|-------------|-------------|------------------|
| | | | CONCELLO 2024 | CONCELLO 2025 | XUNTA 2024 | XUNTA 2025 | |
| Salarios 5 traballadores | 9 meses 75% | 4590/13100 | 12.674,04 € | 3.930,65 € | 34.210,80 € | 10.639,73 € | 61.455,22 € |
| SS GC 9 5 traballadores | 9 meses 75% | 4590/16000 | 3.871,25 € | 1.935,63 € | 10.478,92 € | 5.239,46 € | 21.525,26 € |
| Productividade criterios de Execución | 9 meses 75% | 4590/13105 | 565,15 € | 161,47 € | 1.529,79 € | 437,08 € | 2.693,49 € |
| Indemización 5 traballadores | 9 meses 75% | 4590/13100 | 0,00 | *2.137,42 € | 0,00 | 0,00 | *2.137,42 € |
| Publicidade | | 2312/22602 | 150,00€ | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 150,00 |



| | | | | | | | |
|--------------------|--|------------|------------|-----------|------------|-----------|------------|
| Vestuario | | 4590/22104 | 2.400,00€ | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 2.400,00 |
| Outros suministros | | 4590/22699 | 550,00€ | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 550,00 |
| TOTAL | | | 20.210,44€ | 8.165,17€ | 46.219,51€ | 16.316,27 | 90.911,39€ |

O importe marcado cun asterisco* corresponde a cantidade pertencente á indemnización prevista no artigo 49.1.c do Estatuto dos traballadores, que para os efectos desta subvención non se consideran custos salariais subvencionables, segundo o establecido no artigo 4.3 da Orde do 27 de decembro de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación de risco de exclusión social receptoras da renda de integración social de Galicia (Risga) no ano 2024. Tendo en conta o informe do Servizo de Organización e Recursos Persoais de data 24/05/2024(PER18I02S6), a dita indemnización liquidarase en marzo de 2025, polo que será obxecto de dotación no presuposto do exercicio 2025.

Cuarto : O subconcepto económico de ingreso que financia este gasto é o 45080

Quinto : Designar a Alcaldesa, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relación co mencionado organismo para os actos derivados da execución deste acordo.

Sexto : Dar conta da Resolución de Alcaldía á Xunta de Goberno Local.”

E unha vez tomada razón pola Intervención municipal en data 31/05/2024, documento de intervención (ICO18I007C), do documento(SSO18I02TQ) do expediente SSO/26//2024, código de proxecto 2024 3 00000 11(os documentos contables polos gastos de persoal comunicaranse no momento da contratación do persoal e polos gastos de publicidade, vestuario e outros subministros coa correspondente proposta de gasto). Non obstante, advírtese por parte desta intervención que no orzamento do ano 2025 deberán dotarse os créditos necesarios para facer fronte aos gastos derivados da contratación que deban ser asumidos polo concello no dito momento temporal, e a xeración de crédito pola subvención concedida pola Xunta de Galicia realízase pola súa totalidade no ano 2024, esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e demais normativa concordante e de conformidade cos servizos xurídicos, **RESOLVE:**

Aprobar o informe-proposta anteriormente transcrito nos seus mesmos termos

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

4 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DAS TAXAS POLO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA DO MES DE MAIO DE 2024 .-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Dependencia, do mes de maio de 2024, cun total de 196 contribuíntes e por importe de 19.387,87 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, na modalidade de Libre Concorrencia, do mes de maio de 2024, cun total de 6 usuarios e por importe de 61,28 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercer calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

5 .- PROPOSTA DE APROBACION DOS PADRONS FISCAIS DAS TAXAS POLOS SERVIZOS PRESTADO POLO SERVIZO SOCIOCOMUNITARIO DO MES DE MAIO DE 2024.-

(...)

Primeiro: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (ENVELLECEMENTO ACTIVO) do mes de maio de 2024, cun total de 417 contribuíntes e por importe de 3.398,55 €.

Segundo: Aprobar o padrón fiscal correspondente á taxa polos servizos prestados polo Servizo Sociocomunitario (OBRADOIROS DE INGLÉS, ROBÓTICA, COROS, ESCOLA DE FAMILIAS E ESCOLA DE MÚSICA) do mes de maio de 2024, cun total de 125 usuarios e por importe de 1.018,75 €.

Terceiro: Os padróns quedarán expostos ao público no Concello durante o prazo de 15 DIAS, a contar dende o día seguinte á publicación do Edicto no BOP. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do disposto no artigo 102 da Lei 58/2003, xeral tributaria, e no artigo 75 da Ordenanza Fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección.

Cuarto: Durante o período de exposición pública, contra as liquidacións incorporadas aos padróns, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes.

Quinto: Finalizado o prazo de exposición pública, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición, segundo o disposto no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, no prazo DUN MES contado dende o día seguinte ao mesmo. Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderán interpoñer, ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ferrol, recurso contencioso-administrativo, no PRAZO DE DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da notificación da devandita resolución. De non recaer resolución no PRAZO DUN MES, a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do disposto no artigo 14.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, entenderase desestimado, cos efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Con todo, se se considera convinte, poderán utilizar e exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

VOTACIÓN E ACORDO.- A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96

F_FIRMA_4